



11.- Protocolo Comedor Escolar C.E.I.P. A Igrexa – Calo

Curso 2.021 – 2.022





ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E OBXECTO.....	3
2. O SERVIZO DE COMEDOR NO CEIP A IGREXA-CALO.....	4
2.1.- Que se entende por servizo de comedor.....	4
2.2.- Clasificación do comedor.....	5
2.3.- Calendario de funcionamento.....	5
2.4.- Modalidade de prestación do servizo.....	5
2.5.- Quen pode ser usuario do servizo de comedor.....	5
2.6.- Solicitud de comedor.....	6
2.7.- Incorporación de novo alumnado.....	7
2.8.- Comunicación e información ás familias.....	7
3. OBXECTIVOS.....	7
4. O PERSOAL DE ATENCIÓN AO SERVIZO DE COMEDOR.....	9
4.1.- Persoal laboral.....	9
4.2.- Persoal de atención educativa, apoio e vixilancia.....	9
4.3.- Encargada/o de comedor.....	9
4.4.- Coidadora – ATE.....	10
4.5.- Outro persoal de atención ao alumnado.....	10
4.6.- Incompatibilidade de cometidos.....	10
5. FUNCIÓNS DO PERSOAL DE ATENCIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR.....	10
5.1.- Persoal de atención educativa, apoio e vixilancia no comedor.....	10
5.2.- Persoal laboral do servizo do comedor.....	11
5.3.- Persoa encargada do servizo do comedor.....	12
5.4.- Directora ou director do centro.....	13



5.5.- Coidadora-ATE.....	14
5.6.- Consello Escolar.....	14
6. NORMAS DE FUNCIONAMENTO.....	14
6.1.- Antes de acceder ao comedor.....	14
6.2.- Durante o servizo de comedor.....	15
6.3.- Familias.....	17
6.4.- Tempo de recreo e normas no patio.....	19
7. FALTAS E CORRECCIÓNS APLICABLES.....	19
7.1.- Principios xerais das correccións.....	19
7.2.- Faltas leves.....	20
7.3.- Faltas graves.....	21
7.4.- Corrección faltas leves e sancións (colaborador e encargada/o).....	22
7.5.- Corrección das faltas graves e sancións (dirección do centro).....	22
7.6.- Faltas moi graves e correccións.....	23
8. OS MENÚS: ESTRUCTURA BÁSICA E OUTRAS CONSIDERACIÓNS.....	23
9. NORMATIVA APLICABLE.....	26
10. ANEXOS.....	27
11. ANEXO I. LIBRO DE INCIDENCIAS.....	28
12. ANEXO II. SEGUIMIENTO ALUMNADO.....	29
13. ANEXO III. LIBRO DE INGREDIENTES – FICHA TÉCNICA ALIMENTOS.....	30
14. ANEXO IV. APPC do comedor CEIP A IGREXA- CALO.....	31
15. ANEXO V. DOCUMENTO INFORMATIVO PERSOAL COMEDOR.....	44
16. ANEXO VI. COMPROMISO DE CONFIDENCIALIDADE.....	47



1.- INTRODUCCIÓN E OBXECTO

Este protocolo de funcionamento do comedor escolar, segundo a normativa vixente, está elaborado pola comisión de servizo de comedor escolar, composto polos integrantes da comisión económica e a encargada de comedor. Ademais, a dirección do centro contou coa colaboración da ANPA e coa xefa de cociña.

Recolle as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor escolar, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso escolar por parte da/o encargada/o e o equipo directivo, que será quen formule propostas de mellora, se é o caso, ante o consello escolar do centro.

Preténdese recoller e concretar a regulamentación presente na lexislación vixente, así como tódolos aspectos que rixen o funcionamento do comedor escolar.

A referida normativa contempla o comedor escolar como un servizo complementario que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para escolarización, tamén desenvolve unha destacada función compensatoria, social e educativa.

O comedor escolar do CEIP A IGREXA-CALO, ademais de cumprir unha función básica de alimentación e nutrición, está integrado na vida e organización do centro de tal maneira que a súa programación, desenvolvemento e avaliación forman parte da Programación Xeral Anual e da Memoria final de cada curso escolar. Nesta memoria final inclúese o funcionamento do servizo, así como as propostas de mellora.

En función das propostas e da memoria anual, o Consello Escolar poderá modificar este protocolo a través da comisión de servizo de comedor escolar.

2.- O SERVIZO DE COMEDOR NO CEIP A IGREXA-CALO

2.1.- Que se entende por servizo de comedor.

Os servizos de xantar e de atención aos usuarios no período de tempo libre anterior e posterior, nos que se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.



2.2.- Clasificación do comedor.

É un comedor de TIPO D: de 251 a 350 comensais. Ten a consideración de comensal aquela persoa que fai uso do servizo do comedor escolar.

Para o curso 2021-2022 temos concedidos os seguintes comensais.

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
312	312	312	312	312

2.3.- Calendario de funcionamento.

O período de funcionamento do comedor dependerá do calendario escolar que fixe a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para cada curso e coincidirá co período lectivo sinalado tamén pola Consellería.

O tempo de comedor . de 14:15 a 15:15 horas nunha soa quenda.

2.4.- Modalidade de prestación do servizo.

Segundo o disposto no Decreto 132 /2013 do 1 de agosto polo que se regula o comedor escolar o comedor do CEIP A Igrexa-Calo . un comedor de XESTIÓN DIRECTA polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2.5.- Quen pode ser usuario do servizo de comedor.

(Artigo 4 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto).

- As alumnas e alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil dos centros con instalacións de comedor e os dos centros próximos que carezan delas, autorizados expresamente.
- As persoas con responsabilidades na organización do comedor, así como as que colaboren na atención das alumnas e alumnos comensais durante os días de desempeño efectivo destas tarefas.




- O persoal de cociña destinado nos centros que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil, durante os días de desempeño efectivo do seu traballo.
- As/os coidadores de educación especial dos centros que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil, así como os coidadores, educadores e auxiliares de enfermaría destinados en centros de educación especial, en ambos os casos durante o tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.
- O persoal funcionario docente e non docente e o persoal laboral de ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil do centro que solicite o servizo, sempre que existan prazas libres dotadas economicamente e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención ao alumnado usuario.
- As/os auxiliares de conversa e as alumnas e alumnos en prácticas de ensinanzas de maxisterio ou grao equivalente que soliciten o servizo, sempre que, unha vez asignadas as prazas do comedor aos colectivos anteriormente citados, existan aínda prazas libres dotadas economicamente e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención ao alumnado usuario.

Para estes efectos, considérase que existen prazas libres no comedor escolar cando existan prazas vacantes dotadas economicamente, medios persoais dedicados ao servizo e que permita a capacidade física das instalacións.

2.6.- Solicitude de comedor

As solicitudes adaptaranse ao recollido nas Instrucións da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sobre Funcionamento dos comedores escolares de xestión directa que se publican cada curso escolar e que estará a disposición das familias na web do colexio.

As familias do alumnado interesados en ter servizo de comedor deberán presentar a seguinte documentación:



- Solicitude de comedor cuberta, engadindo as certificacións dependendo na situación que se atopa a familia ou o alumnado.
- Autodeclaración onde se realizarán os cálculos que se especifican no apartado de tarifas de comedor.

Estes dous documentos estarán a súa disposición na web do centro no apartado de “*Formularios e impresos*” ou nas oficinas do colexio.

Ademais haberá que aportar os documentos acreditativos da solicitude de comedor en función das diferentes circunstancias (familia numerosa, declaración da renda para o cálculo do pago de comedor, ...)

2.7.- Incorporación de novo alumnado

O alumnado que se incorpore durante o curso ao servizo de comedor e non teña sitio asignado aínda, sentarase provisionalmente nalgún dos sitios dispoñibles ata que se lle asigne un sitio definitivo.

2.8.- Comunicación e información ás familias

A Dirección do CEIP A Igrexa-Calo debe manter en todo momento informadas ás familias do servizo de comedor. Esta información farase principalmente mediante a web do colexio e abalarMóbil, e en casos puntuais enviando notas polo alumnado e mesmo mediante chamada telefónica de ser o caso.

Na web do colexio hai un apartado específico para o comedor onde se recolle toda a información deste servizo así como novas e avisos.

Tamén se publica o menú de cada trimestre e o *Libro de ingredientes - Ficha técnica alimentos*.

Este documento recollerá os ingredientes e marca comercial de cada un, así como o xeito de preparación das comidas e as alternativas para alérxicos e intolerantes.

Os impresos de pago de comedor estarán dispoñibles en espazoAbalar para a súa consulta e pago cando as familias así o soliciten (teñen un impreso na web para isto). Ao resto de familias, enviaráselles o impreso polos seus nenos/as antes do día 4 de cada mes.



En todo momento, a/o encargada/o de comedor e a directora ou director, informarán ás familias da evolución da alumna ou alumno en canto ás comidas, facendo fincapé nas situacións onde non comen algún plato ou presentan comportamento de rexeitamento cara a comida así como conductas que poden provocar unha falta leve ou grave.

3.- OBXECTIVOS

- Conseguir que o alumnado adquira hábitos de hixiene persoal adecuados antes, durante e despois das comidas.
- Fomentar unha actitude positiva do alumnado ante os alimentos que se lle ofrecen, inducéndolles a que os consuman tanto por pracer como polo importante valor nutritivo dos mesmos.
- Educar na adquisición da destreza necesaria para a correcta utilización de cubertos, utensilios e servizos de mesa.
- Inculcar a adopción de actitudes de respecto aos demais, evitando o bulicio e gardando a debida compostura na mesa.
- Interesar ás familias nos beneficios que poidan obterse dunha colaboración conxunta cos responsables do Comedor, tanto no referido á saúde da/o alumna/o como a súa educación nutricional.
- Espertar nas/os alumnas/os o espírito de cooperación, implicándoas/os, segundo as súas posibilidades, en tarefas de servizo de comedor: servir a mesa, retirar o servizo, axuda as/os máis pequenas/os ...
- Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara a tódolos membros da Comunidade Escolar.
- Fomentar o coidado dos locais, mobiliarios, e utensilios de uso comunitario.
- Planificar actividades de ocio e tempo libre que contribúan ao fomento de hábitos sociais e culturais.
- Fomentar hábitos de respecto ambiental facendo un uso responsable dos recursos, sen gastos innecesarios de materiais e alimentos.



4.- O PERSOAL DE ATENCIÓN AO SERVIZO DE COMEDOR

4.1.- Persoal laboral

1 xefa de cociña

3 axudantes de cociña

O horario deste persoal é de 9:00 a 16:30 horas.

4.2.- Persoal de atención educativa, apoio e vixilancia

Nas tarefas de atención ao alumnado durante o xantar e no tempo libre anterior e posterior, se o houbese, poden participar nais, pais, titores/as legais do alumnado do centro ou profesorado.

Educación infantil	5 coidadoras/es
Educación primaria	5 coidadoras/es
Total persoal colaborador	10 coidadoras/es

Este persoal percibe un complemento por servizos extraordinarios que aboar directamente administración educativa con cargo aos créditos orzamentarios relativos ao funcionamento dos comedores escolares. Na actualidade estano facendo en tres pagos coa correspondente retención fiscal. Anualmente, este importe experimenta o mesmo incremento que as retribucións dos empregados públicos.

A selección deste persoal farase seguindo as Instrucións que publica a Xunta cada curso.

Unha vez pechado o prazo de selección, poderase ter unha lista de espera para cubrir posibles baixas. O orde de prioridade na lista de espera estará determinado polo momento en que se solicitou ser colaboradora ou colaborador do comedor.

4.3.- Encargada/o de comedor

Con carácter preferente a persoa encargada do comedor debería ter a condición de persoal docente do colexio, integrante ou non do equipo directivo. A/O encargada/o e a/o directora/or do centro perciben un complemento por servizos extraordinarios que aboa directamente a administración educativa con cargo aos créditos orzamentarios



relativos ao funcionamento dos comedores escolares.

4.4.- Coidadora – ATE

O centro conta con unha coidadora que se encarga da atención ao alumnado con necesidades educativas especiais que precisan coidadora e acuden ao comedor escolar.

4.5.- Outro persoal de atención ao alumnado

No tempo de baixada as filas por parte do alumnado de Primaria, e no traslado de mochilas para o patio cuberto que se fai antes de entrar no comedor, o persoal docente encargárase da vixilancia do curso que est. ao seu cargo nese momento.

4.6.- Incompatibilidade de cometidos

Se non hai persoal docente que se preste de encargada/o poder. exercer esta función persoal non docente que non teña atribuídas tarefas de cociña que incompatibilicen a súa presenza no comedor ou por outra persoa integrante da comunidade escolar que se preste voluntariamente logo de autorización expresa da xefatura territorial correspondente.

No caso excepcional de que se acumulen funcións, unicamente poderá percibirse un só complemento retributivo ou compensación económica.

As funcións de directora/or e encargada/o non poderán acumularse nunha soa persoa.

5.- FUNCÍONS DO PERSOAL DE ATENCIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR

5.1.- Persoal de atención educativa, apoio e vixilancia no comedor

- Estar presente fisicamente durante a prestación do servizo.
- Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo coa programación anual do comedor.
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe do comedor.
- Axudar as alumnas e alumnos que, por idade ou necesidades asociadas a



condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.

- Informar ao equipo directivo do centro, no modelo estipulado, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que se poña en coñecemento das familias.
- Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor.
- En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar poderá fomentarse a colaboración do alumnado de 6º de Primaria, sen que iso supoña a ausencia física ou substitución do persoal habitual encargado da atención no devandito servizo.
- Se ocorrese algún accidente durante a comida, avisará á encargada ou encargado de comedor.
- Controlar a saída e entrada do alumnado usuario do comedor, por exemplo cando van ao baño.
- Axudar na entrega do alumnado ás familias e na entrada nos autobuses.
- Controlar que o alumnado usuario do comedor non se ausente sen que o pai ou a nai asine o impreso correspondente e no caso de que sexa outra persoa a que veña recollelo, deberá traer unha autorización escrita do pai, da nai ou dos titores legais.

5.2.- Persoal laboral do servizo do comedor

- Elaboración das comidas de acordo co menú aprobado polo Consello Escolar.
- Elaborar os mesmos menús para todos os comensais e non facer menús diferentes, só nos casos de intolerancias ou alerxias acreditadas con certificacións médicas.
- Recibir as mercadorías e controlar as súas condicións (temperatura, envase, ...). No caso de irregularidades cubrir a ficha correspondente describindo o problema e a acción correctora.
- Cumprimentar as outras fichas de control de puntos críticos establecidas no plan de calidade do comedor (limpeza e desinfección, almacéns, temperaturas,



elaboración, renovación de aceites, ...)

- Prohibir a entrada á cociña ás persoas alleas á mesma.
- Dispoñer o almacenamento das materias primas en perfectas condicións.
- Non utilizar este recinto nin o do comedor como lugar de reunión con persoas alleas ao servizo.
- Limitar tamén a entrada ao almacén de víveres (só distribuidores de mercadorías, persoal de cociña e encargada ou encargado de comedor).

Os distribuidores de mercadorías utilizarán a porta de acceso directo ao cociña dende o exterior.

- Pechar o almacén de produtos de limpeza e abri-lo só cando se precise algo.
- Gardar os produtos de limpeza diarios nos espazos propios e non deixalos á vista.
- Comunicar á encargada ou encargado de comedor ou á dirección do centro calquera incidencias coas instalacións ou equipos.
- Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene .
- Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.
- Colaborar no seguimento dos protocolos de seguridade e hixiene e de riscos laborais.
- Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do plan de formación continuada.

5.3.- Persoa encargada do servizo do comedor

- Coordinar o plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social no contorno do servizo de comedor escolar.
- Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e de tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario.



- Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarios para o funcionamento do servizo de comedor.
- Organizar o funcionamento do servizo de comida de mediodía.
- Elaborar a actualización periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.
- Elevar á dirección do centro propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto, a través da comisión do servizo de comedor escolar.

5.4.- Directora ou director do centro

- Elaborar co equipo directivo, e de acordo coa comisión do servizo de comedor, o protocolo de funcionamento, que formará parte da PXA.
- Elaborar cada curso, co equipo directivo e coa encargada ou encargado de comedor, a programación anual do comedor.
- Dirixir e coordinar o servizo de comedor e designar o persoal que participe nas tarefas de atención ao alumnado.
- Supervisar o correcto funcionamento do comedor. Estudar e elaborar o proxecto de orzamento do comedor. Autorizar os gastos, e ordenar os pagamentos necesarios.
- Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor das e dos usuarios.
- Facer as contratacións de subministración de acordo coa lexislación vixente.
- Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor.
- Presidir a comisión do servizo de comedor escolar.
- Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene.
- Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo



5.5.- Coidadora-ATE

- Atender ao alumnado que está ao seu cargo no servizo de comedor.
- Atender ao alumnado ao seu cargo nos desprazamentos ao comedor e na saída do mesmo, facéndose cargo tamén da entrega ás familias.
- Elevar á encargada ou encargado de comedor melloras para a atención ao alumnado que atende.

5.6.- Consello Escolar

- Aprobar dentro da normativa vixente o protocolo de comedor que formará parte do regulamento orgánico do centro.
- Aprobar o proxecto de orzamento de ingresos e gastos do servizo, como parte anual do orzamento do centro e tamén aprobará a xustificación de gastos.
- Decidir sobre a admisión do alumnado usuario, segundo os criterios de prioridade establecidos.
- Aprobar a creación da comisión do servizo do comedor escolar.
- Aprobar os menús por proposta da comisión do servizo de comedor.
- Propoñer a relación de alumnado beneficiario total ou parcialmente do servizo de comedor escolar, de acordo cos criterios establecidos.

6.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Recollemos as normas xerais que rixen o funcionamento do comedor e que deberán concretarse en cada programación anual do comedor, adaptándoas ás circunstancias de cada curso escolar.

6.1.- Antes de acceder ao comedor.

- Antes de acceder ao comedor deixaranse as mochilas no lugar correspondente do patio cuberto, para non ter que ir ás aulas despois do servizo de comedor.
- As colaboradoras e colaboradores irán a buscar ao alumnado de infantil ás aulas e recolleran as súas mochilas para deixalas no lugar correspondente do patio cuberto.
- O alumnado da etapa de educación infantil entra uns minutos antes coas



colaboradoras unha vez deixen as mochilas, para evitar a coincidencia coa entrada do alumnado maior de primaria. Previamente as mestras de educación infantil xa os levaron ao servizo antes de deixalos coas colaboradoras do comedor encargadas deste alumnado. Do mesmo xeito, serán as/os primeiras/os en saíren.

- O alumnado de Primaria baixará coa mestra ou mestre que está ao seu cargo e deixán as mochilas no lugar correspondente do patio cuberto.
- A mestra ou mestre que acompaña ao alumnado de primaria encargárase de que baixen ordenadamente, deixen as mochilas correctamente e fagan as filas no patio cuberto para entrar ao comedor.
- O alumnado que o precise debe ir ao baño na sesión anterior á baixada ao comedor.
- O alumnado de Primaria entrará ordenadamente unha vez que a encargada ou encargado de comedor ou ben a directora ou director llo indique.

6.2.- Durante o servizo de comedor

- Deberanse cumprir unhas mínimas normas durante a comida.
- Esperar a que nos sirvan comida para empezar a comer.
- Intentar usar correctamente os utensilios de comedor: garfo, culler e coitelo.
- Masticar coa boca pechada.
- Empregar as servilletas.
- Non falar coa boca chea.
- Non xogar con cromos ou outros obxectos durante o tempo da comida.
- Non comer pan ou outras comidas despois de comer o postre.

6.2.1.- Hixiene

- As alumnas e alumnos (incluídos os de Ed. Infantil) deberán saber comer por si mesmos, facer uso dos servizos e lavarse as mans.
- Todo o alumnado pasará polos servizos asignados ao respecto para facer as súas necesidades e lavarse as mans antes de acudir ao Comedor. Durante a comida non poderán ir ao servizo a non ser por indisposición ou enfermidade e sempre con permiso dunha colaboradora ou colaborador..

- Non se poderán meter obxectos ao comedor: papeis, carteiras, libros, abrigos...



- Non está permitida a entrada das alumnas e alumnos na cociña.
- Poñerase especial coidado na correcta utilización dos cubertos, así como o uso do pano da mesa.
- Non se pode tirar pan, auga ou restos de comida ao chan nin a outras/os alumnas/os.

6.2.2.- Organización e comportamento

- Estar puntuais nas filas do comedor, inmediatamente despois de tocar o timbre correspondente. Agardar en silencio e sen xogar.
 - Entrar e saír do comedor de maneira ordenada e tranquila. Non correr polos pasillos nin polo comedor.
 - Non erguerse do seu sitio sen permiso.
 - Para chamar ao persoal colaborador, levantar a man e esperar a ser atendidos.
 - Non se poderá facer uso do servizo de comedor fóra da hora do seu comezo.
 - Sentarse no sitio que lle foi asignado a cada alumna e alumno.
 - Procurar falar baixo e face-lo menor ruído posible con cadeiras, cubertos, etc.
 - Comer de todo en función das necesidades de cada un, respectando a comida e procurando non desperdiciar nada.
 - Seguir en todo momento as indicacións do persoal de garda ou do persoal de cociña.
 - As servidas e servidores da comida velarán pola correcta distribución en condicións de hixiene da comida.
 - As servidas e servidores da comida non deben meter presa ás/ós comensais, e antes de retirar as sopeiras e bandexas preguntarán, mesmo noutras mesas se alguén desexa repetir.
 - Respetar os utensilios de comida e procurar non desperdiciar e gastar panos de papel e comida.



6.2.3.- Alimentación

- O alumnado deberá adaptarse ao menú establecido, comendo a cantidade que se lles sirva (segundo a súa idade circunstancias, complexión ...)
- No caso de non poder comer algún tipo de alimento, deberase aportar un Certificado Médico que o acredite.
- Levarase un seguimento das comidas do alumnado mediante a ficha “Seguimento comidas alumnado” para informar ás familias.

6.3.- Familias

- Comunicar a encargada ou encargado de comedor ou á dirección do centro das posibles alerxias e intolerancias, sempre con informe médico. E ter en todo momento actualizada esta información no caso de haber cambios. No caso de alta tamén se deberá adxuntar o informe médico.
- Comunicar a/o encargada/o do comedor ou á dirección do centro as incidencias que se produzan.
- Avisar ao centro da ausencia da alumna ou alumno como moi tarde o mesmo día antes das 9:45 h.
- Enviar autorización escrita no caso de que alguén recolla a/o alumna/o..
- Asinar o impreso correspondente cando unha persoa autorizada leve á alumna ou alumno durante o xantar.
- Non acceder ás instalacións do comedor a non ser que o persoal colaborador ou o encargado o requiran.
- Aqueles que non teñan dereito á gratuidade, estar ao corrente no pago de cotas.
- As familias que queiran utilizar este servizo, facer as solicitudes nos prazos sinalados e cos documentos que estean establecidos.
- Inculcar ás nenas e nenos hábitos alimentarios e maneiras correctas de estar nunha mesa e nun comedor.
- Colaborar co centro no bo funcionamento deste servizo, respectando horarios, normas e organización.
- Colaborar co equipo directivo no respecto do alumnado cara ao servizo de comedor e todo o persoal que traballa nel. Fomentar actitudes de respecto e cooperación.



- En caso de imprevistos, indisposición ou accidente leve durante o tempo do servizo de comedor avisarase telefónicamente ás familias para que se fagan cargo da alumna ou alumno.

En caso de accidente grave avisarase ao 112 e inmediatamente despois á familia.

(Non se subministrará ningún tipo de medicamento nin se evacuará con medios propios a ningunha persoa usuaria do comedor. Excepcionalmente, administrarase medicación prescrita polo médico cando coincida a toma no horario do comedor ou ante reaccións alérxicas severas (alumnado inscrito no programa de Alerta Escolar) que necesiten medicación inmediata; en ambos os dous casos, é requisito imprescindible o informe médico que inclúa o protocolo de actuación).

- Antes do día 4 de cada mes enviaranse os impresos por espazoAbalar ás familias que o soliciten. As demais familias se lle enviarán os impresos polas fillas e fillos. Son 3 impresos de autoliquidación de taxas correspondentes ao mes anterior. A dirección reclamará os impagos do comedor e posteriormente informará á administración sobre os impagos do servizo (art. 15.4 do Decreto 132/2013). As/os alumnas/os usuarias/os de pago de 6º de Primaria ou alumnado que vaia a cambiar de centro no curso seguinte deberán recoller no colexio os impresos de autoliquidación de taxas correspondentes ao mes de xuño ou atrasados para efectuar o pago.

Dende o centro fomentarase o uso de sistemas de pago telemáticos para evitar o uso de papel.

- **Está prohibido o acceso de calquer persoa allea ao servizo** ou que non sexa comensal do comedor.



6.4.- Tempo de recreo e normas no patio

- Para entrar e saír do patio debemos cami.ar con tranquilidade sen empurr.ns.
- O alumnado permacerá no patio nas zonas que se lles indique.
- Non se pode permanecer nos edificios, nin andar polas clases
- Só se utilizarán os baños do patio cuberto.
- Non se pode saír do recinto. Se necesitamos saír hai que comunicarllo á persoa de garda.
- Non se pode xogar á pelota no patio cuberto
- Non se pode subir polos terrapléns.
- Non se poden tirar papeis, emboltorios, ... ao chan.
- Débese respectar as/os máis pequenas/os.
